



**ACTA NÚM. 12 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
QUE TIVO LUGAR O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2020.
(CELEBRADA POR MEDIOS TELEMÁTICOS)**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **17:00 horas** do día **24 de setembro de 2020**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316

A S I S T E N :

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño (presente no salón de sesións)

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (incorpórase ao salón de sesións no debate do punto núm. 6)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castela Torres (presente no salón de sesións ata o receso, despois asiste telematicamente)

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández.

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 30 de xullo e extraordinaria do 4 de setembro, ambas deste ano.**
- 2. Toma de posesión do concelleiro Don Rubén Prol Mariño.**
- 3. Aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos da sesión.**
- 4. Solicitude de inicio de avaliación ambiental da modificación do PXOM no ámbito do SUD 9/10. Estrada de Vigo-Chouchiños.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para non amparar a instalación dun vertedoiro no lugar de Corexo-Marrozos.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG para impulsar o contido do Plan especial de Brañas do Sar para incrementar a súa protección ambiental e os espazos de lecer e deportivos ao aire libre durante a pandemia da COVID-19.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para elaborar un estudo dos perigos da velocidade nas vías do municipio e a redución das notificacións defectuosas en materia de tráfico.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular para a información das consecuencias da COVID-19 na actividade do concello nas súas máis diversas áreas.**

9. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para garantir a continuidade dos postos das praceiras do Mercado de Abastos.

10. Dar conta de escrito do grupo municipal de Compostela Aberta, designando membros nas diferentes comisións.

11. Dar conta da Sentenza núm. 441/2020, do 24 de xullo de 2020, recaída no PO 4080/2019.

12. Dar conta do estado de execución do orzamento correspondente ao segundo trimestre do corrente ano.

13. Dar conta de expedientes de modificación orzamentaria aprobados por resolución da concelleira delegada de economía e facenda no segundo trimestre do ano en curso.

14. Dar conta de resolucións da alcaldía de datas 30 de xullo, 6 de agosto e 8 de setembro.

15. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

16. Solicitude de comparecencia a petición propia do concelleiro don Gonzalo Muíños Sánchez.

17. Rogos, preguntas e interpelacións.

Interpelacións:

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 257.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 269.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data 14 de setembro de 2020, núm. 249.

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 253.

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 258.

Do grupo municipal de CA, de data 15 de setembro de 2020, núm. 262.

Do grupo municipal de CA, de data 15 de setembro de 2020, núm. 263.

Do grupo municipal do BNG, de data 16 de setembro de 2020, núm. 268.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 270.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 271.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 272.

Preguntas resposta oral:

- Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 254.
- Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 255.
- Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 256.
- Do grupo municipal de CA, de data 15 de setembro de 2020, núm. 264.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 273.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 274.
- Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 275.
- Do grupo municipal de CA, de data 16 de setembro de 2020, núm. 279.
- Do grupo municipal de CA, de data 16 de setembro de 2020, núm. 280.

Preguntas resposta escrita:

- Do grupo municipal de CA, de data 10 de agosto de 2020, núm. 27872.
- Do grupo municipal do PP, de data 2 de setembro de 2020, núm. 246.
- Do grupo municipal de CA, de data 10 de setembro de 2020, núm. 248.

18. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

1. Rexistro de entrada do día 10 de agosto de 2020, núm. 27871, presentada polo grupo municipal de CA, para condenar a fuxida do Rei Emérito Juan Carlos I.
2. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 250, presentada polo grupo municipal do BNG, sobre as actuacións do Rei Juan Carlos I.
3. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 251, presentada polo grupo municipal do BNG, para darlle continuidade ás obras de reurbanización entre Puente La Reina e a Avda. de Quiroga Palacios.
4. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 259, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver un plan de mellora do barrio das Fontiñas.
5. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 260, presentada polo grupo municipal do BNG, para recuperar as esculturas do Mestre Mateo en poder da familia Franco.
6. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 261, presentada polo grupo municipal de CA, para o desenvolvemento dun curso escolar seguro e para facilitar a conciliación.
7. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 276, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio ao Real Padroado da Cidade de Santiago.
8. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 277, presentada polo grupo municipal de CA, para reclamar medidas urxentes para conservar o emprego na hostalería.
9. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 278, presentada polo grupo municipal de CA, para manifestar o rexeitamento do Pleno ás comisións abusivas de Abanca.

Antes de comezar cos asuntos incluídos na orde do día, gárdase un minuto de silencio polas vítimas de violencia de xénero e da COVID.

Seguidamente teñen lugar as seguintes intervencións:

En primeiro lugar intervén dona María Esther Martínez Piñeiro, en relación á interpelación presentada polo grupo municipal do BNG, sobre comedores escolares.

A continuación procede a intervir don Miguel Anxo Méndez López, en relación á proposición presentada polo grupo municipal de CA, sobre a continuidade das praceiras no mercado de abastos.

Por último intervén don Daniel González Franco, en relación á proposición presentada polo grupo municipal de CA, sobre a non amparar a instalación dun vertedoiro no lugar de Corexo-Marrozos.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE XULLO E EXTRAORDINARIA DO 4 DE SETEMBRO, AMBAS DESTE ANO.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, aproba as actas correspondentes as sesións ordinaria do 30 de xullo e extraordinaria do 4 de setembro, ambas deste ano.

2. TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON RUBÉN PROL MARIÑO.

Preséntanse no salón de sesións Don Rubén Prol Mariño, acreditado da recepción da credencial de concelleiro expedida pola Xunta Electoral Central, así como a declaración cumprimentada do rexistro de intereses e as causas de posíbel incompatibilidade e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos do Concello de Santiago de Santiago de Compostela, e procede a prometer cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealdade ao Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado, tomando posesión do cargo de concelleiro deste concello.

3. APROBACIÓN DO SISTEMA DE VOTACIÓN NOMINAL PARA A ADOPCIÓN DOS ACORDOS DA SESIÓN.

Os/as concelleiros/as asistentes á sesión acordan por unanimidade dos concelleiros e concelleiras asistentes, a aprobación do sistema de votación nominal para a adopción dos acordos que conforman a orde do día.

Antes de seguir co estudo dos asuntos que conforman a orde do día, procédese a votación para a inclusión por urxencia na presente sesión do seguinte asunto:

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO DE VIAXEIROS Á URBANIZACIÓN OS TILOS

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda incluír o devandito punto na orde do día da sesión, que pasará a ser tratado como punto número 5.

4. SOLICITUDE DE INICIO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA MODIFICACIÓN DO PXOM NO ÁMBITO DO SUD 9/10. ESTRADA DE VIGO-CHOUCHIÑOS.

O informe emitido pola xefa da sección de xestión urbanística con data 16 de setembro do corrente ano, que trae o conforme do secretario xeral do pleno, e o que tamén da a súa conformidade a concelleira delegada da área, ten o seguinte contido:

“1. Obxecto da Modificación

A modificación fórmulase de oficio polo Concello de Santiago de Compostela, a través dos Servizos Técnicos de Planeamento e Xestión (SPX), co obxecto principal de executar a sentenza nº 274/2014 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada no PO 4761/2007 (EJD 4037/2019).

A sentenza anula as determinacións do vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no que atinxe á clasificación dos terreos propiedade do recorrente, declarando a súa condición de solo urbano consolidado, e a súa conseguinte exclusión do sector de solo urbanizable SUD 9/10 (Estrada de Vigo-Chouchiños).

Os terreos afectados pola sentenza son os que deseguido se identifican, sitos na confluencia da rúa de Volta do Castro e travesa da Choupana:

5864503NH3456D0001EA (Travesa da Choupana, nº 1)

5864503NH3456D0000WP (Travesa da Choupana, nº1)

5864504NH3456D0001SA (Rúa de Volta do Castro, nº 2)

2. Planeamento vixente

O PXOM vixente -aprobado definitivamente nos anos 2007 e 2008- inclúe as parcelas sinaladas, coa clasificación de solo urbanizable, no ámbito do SUD 9/10, e establece a

súa cualificación como sistema xeral viario (rotonda de enlace na estrada de Vigo), prevendo a súa obtención por cesión gratuíta no proceso de equidistribución do SUD 9/10.

As determinacións para o desenvolvemento do sector regúlanse no artigo 67 do PXOM, co contigo que deseguido se transcribe:

Art. 67. Determinacións para o desenvolvemento do sector SUD-9/10 ESTRADA DE VIGO – CHOUCHIÑOS

O sector SUD-9, situado en contacto coa Estrada de Vigo, constitúe unha bolsa de solo mixto para usos terciarios e residenciais vinculados ao Hospital Provincial e con boa accesibilidade desde a citada estrada. A súa superficie bruta é de 18,12 Ha. Integra o Outeiro do Castro de Conxo e a súa ladeira sur ata o periférico e esténdese ao norte ata o solo urbano de Chouchiños. Constitúe un ámbito de remate, cunha clara función de crear unha nova fachada da cidade, pero sen interferir na visión do Outeiro do Castro.

Para o desenvolvemento do plan parcial correspondente establécense as seguintes determinacións:

1. Ordenarase mediante un único plan parcial cunha edificabilidade máxima de 0,45 m²/m² destinada a uso mixto residencial e terciario. O plan parcial terá determinación de plan especial no que se refire a restos arqueolóxicos que poidan aparecer pola proximidade do Castro de Conxo.

2. Establécense unha densidade máxima de 33 vivendas/Ha.

3. O uso característico é o residencial. Destinarase a vivenda unifamiliar o 5% da edificabilidade residencial, con usos comerciais e complementarios en planta baixa ocupando ata o 12% da edificabilidade. Destinarase a uso terciario extensivo en edificio exclusivo e outras situacións especializadas na edificación ata o 30% da edificabilidade. A ordenación garantirá a apertura dunha nova vía dende o nó do periférico e a estrada de Vigo e o vial de Chouchiños.

Poderán establecerse tolerancias de uso industrial tipo escaparate, nas marxes da estrada de Vigo, segundo as condicións de compatibilidade definidas na presente normativa.

4. A efectos de integración ambiental, paisaxística e patrimonial o Outeiro do Castro de Conxo presérvase na zona verde de sistema xeral PU-22. No seu contorno localizaranse preferentemente espazos libres de sistema local, ata o límite definido polo viario proposto no plano de ordenación, incluíndo a totalidade da zona de respecto especial. A tal efecto as dotacións de zonas verdes de sistema local serán como mínimo do 20% do ámbito ordenado.

No resto do ámbito SUD-9 establécese a obriga de realizar, con carácter previo á elaboración do Plan Parcial, as intervencións arqueolóxicas necesarias de cara a avaliar a potencialidade arqueohistórica do subsolo e establecer pola Consellería de Cultura e Deporte as condicións de elaboración do plan parcial e de execución das obras que garantan a conservación “in situ” dos restos arqueolóxicos que poidan existir.

Os trazados indicados en planos de ordenación entenderanse como orientativos, salvo outra indicación neste artigo.

5. A altura e volumetría da edificación deberá ser estudada coa fin de garanti-la axeitada integración ambiental e de respecto ó ben patrimonial existente no ámbito.

6. As reservas para dotacións determinaranse de acordo coa LOUG.

7. Os sistemas xerais imputados ó sector son:

- Ao interior do ámbito: 15.646 m² do Parque do Castro de Conxo (PU-22); 7.600 m² no Sanitario-Universitario de Cantaleta (S-4/EU-12).

- Ao exterior do ámbito: 5.630 m² localizados no parque lineal de Volta do Castro (PU-12); 5.880 m² na área deportiva de San Lázaro (ZD-2); 3.874 m² localizados no parque urbano Eugenio Granell (PU-9).

3. Xustificación e alcance da Modificación

O obxectivo principal da Modificación é dar estrito cumprimento á sentenza, que impón a categorización dos terreos afectados como solo urbano consolidado e, en consecuencia, obriga a axustar a delimitación do sector de solo urbanizable SUD 9/10, por mor da exclusión das parcelas que pasan a adquirir a condición de solo urbano consolidado.

Simultaneamente, e toda vez que a sentenza mantén a cualificación do solo afectado como sistema viario, procede prever a súa obtención a través dos procedementos regulados na lexislación urbanística para obter dotacións públicas en solo urbano consolidado.

A vixente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), no seu artigo 129.1, habilita ao efecto os seguintes procedementos: expropiación, permuta forzosa con terreos do patrimonio municipal do solo, e convenio entre a administración e o propietario.

Esta determinación da forma de obtención dos terreos non afecta á vixente normativa do Plan xeral, pero si ás previsións do seu Estudo económico financeiro, as cales será preciso adaptar á nova situación, consonte ao esixido polo artigo 59.2 da LSG. En consecuencia, no documento de planeamento que se someta a aprobación inicial

incluírase unha avaliación económica do custo de execución desta infraestrutura viaria, xustificando as previsións que haxan de realizarse a cargo da administración actuante.

Así mesmo, e de conformidade co disposto nos artigos 56.d) e 29.c) da LSG, en relación co 18.1. (alíneas c) e d) do Real decreto legislativo 7/2015, avaliarase a posibilidade de incluír o completamento da rotonda existente como unha infraestrutura de conexión exterior necesaria para o funcionamento do sector SUD 9/10, remitindo á análise desta cuestión o futuro documento de planeamento.

Complementariamente, e segundo esixe a vixente Lei 5/2010 do patrimonio cultural de Galicia (artigo 75.2), a través da presente modificación procédese a incorporar á ordenación do SUD 9/10 o trazado do Camiño Portugués que consta definitivamente aprobado pola Xunta de Galicia (Decreto 154/2013, do 5 de setembro, *polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela*, publicado no Diario Oficial de Galicia número 184 do 26.09.13). A transposición deste novo trazado do Camiño Histórico, non previsto no PXOM vixente, obriga a revisar as condicións de ordenación do SUD 9/10, establecidas no artigo 67. Neste punto, co fin de liberar a ocupación do solo afectado pola traza do camiño, faise preciso *compactar* a edificación, para o cal se elimina a obrigatoriedade da vivenda unifamiliar, en favor da vivenda colectiva, e se amplía a tolerancia dos usos terciarios e dotacionais -mesmo en edificio exclusivo- ata un 50% da edificabilidade total.

Polo exposto, a modificación fundaméntase en razóns de estrita legalidade, derivadas da execución da sentenza e do cumprimento da normativa de protección do camiño histórico, que ten a condición de ben de interese cultural (BIC). A elas engádense outras razóns de conveniencia e oportunidade, relacionadas co especial interese que reviste o desenvolvemento do SUD 9/10 na configuración urbanística do suroeste da cidade.

4. Procedemento aplicable

A modificación, en canto afecta a determinacións reservadas ao planeamento xeral polos artigos 52, 53 e 56 da LSG, haberá de tramitarse a través do procedemento regulado nos artigos 60 da Lei 2/2016 *do solo de Galicia (LSG)* e 144 do seu Regulamento (RLSG), sendo competente o Pleno Municipal para a aprobación definitiva consonte ao disposto polos artigos 61.2 da LSG, 146.2 do RLSG e 123.1.i) da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Artigo 61.2 da LSG:

...

2. Correspóndelle ao órgano competente municipal, segundo o establecido na lexislación de réxime local, a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal dos concellos que contén con máis de 50.000 habitantes.

Artigo 123.1.i) da LBRL:

...

i) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

5. Solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica

De conformidade co disposto polo artigo 46.2.a) da LSG, ao se tratar dunha modificación menor do plan xeral vixente, resulta aplicable o **procedemento de avaliación ambiental simplificada**, debendo o Concello trasladar ao órgano ambiental a seguinte documentación:

Solicitude de inicio da avaliación ambiental simplificada

Borrador da Modificación proposta

Documento ambiental estratéxico (DAE), co contido mínimo que de seguido se describe:

- a) Los objetivos de la planificación.*
- b) El alcance y contenido del plan propuesto y de sus alternativas razonables, técnica y ambientalmente viables.*
- c) El desarrollo previsible del plan o programa.*
- d) Una caracterización de la situación del medio ambiente antes del desarrollo del plan o programa en el ámbito territorial afectado.*
- e) Los efectos ambientales previsibles y, si procede, su cuantificación.*
- f) Los efectos previsibles sobre los planes sectoriales y territoriales concurrentes.*
- g) La motivación de la aplicación del procedimiento de evaluación ambiental estratégica simplificada.*
- h) Un resumen de los motivos de la selección de las alternativas contempladas.*
- i) Las medidas previstas para prevenir, reducir y, en la medida de lo posible, corregir cualquier efecto negativo relevante en el medio ambiente de la aplicación del plan o programa, tomando en consideración el cambio climático.*
- j) Una descripción de las medidas previstas para el seguimiento ambiental del plan..*

Segundo dispón o artigo 18.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (LAA), o órgano substantivo –isto é, o da administración pública competente para aprobar o plan- comprobará se a documentación presentada cumpre ou non cos requisitos esixidos pola citada Lei, así como, de ser o caso, coa esixida pola lexislación sectorial de aplicación, e ordenará, se procede, a remisión da documentación ao órgano ambiental, quen adoptará a resolución que corresponda.

Para os plans cuxa aprobación corresponda ás entidades locais, o artigo 11.3 da LAA dispón que as funcións atribuídas po resta lei ao órgano substantivo corresponderán ao órgano da administración autonómica ou local que determine a lexislación autonómica.

Perante a falta de norma autonómica expresa que regule esta cuestión, é preciso acudir aos títulos competencias da Lei de bases do réxime local. Nos municipios incluídos no ámbito de aplicación do título X da dita Lei, atribúese ao Pleno Municipal a competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral, así como para a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e instrumentos de ordenación urbanística -artigo 123.1.i)-.

En consecuencia, parece lóxico que tratándose dunha modificación do Plan xeral, o acordo de remisión de documentación ao órgano ambiental se adopte polo Pleno Municipal, ao ser este o órgano que ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral.

A decisión que corresponde adoptar ao órgano substantivo nesta fase de inicio límitase a comprobar se a documentación presentada cumpre ou non os requisitos esixidos polo artigo 29.1 da LAE, para os efectos de ordenar a súa remisión ao órgano ambiental, pero non prexulga nin vincula a que, de ser o caso, haxa de adoptar para a aprobación inicial do planeamento.

Polo exposto, e CONSIDERANDO:

1. Que pola Sección Municipal de Planeamento se elaborou o **Documento ambiental estratéxico** (DAE) e o **Borrador** da *Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10 (Estrada de Vigo-Chouchiños)*
2. Que a documentación presentada reúne o contido mínimo esixido polo artigo 29 da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.
3. Que o proxecto elaborado polos Servizos Técnicos Municipais ten o carácter de *borrador* ou avance de planeamento, habendo de confeccionarse con posterioridade, e á vista da resolución que se adopte polo órgano ambiental, o documento de planeamento que haxa de someterse á aprobación do órgano competente.
4. Que o Pleno Municipal ten atribuída a competencia para a aprobación inicial e definitiva do planeamento xeral, polo que ten a condición de órgano substantivo para os efectos da *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental*.

6. Proposta

Con fundamento nas anteriores consideracións, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Remitir ao órgano ambiental a Solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da *Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10 (Estrada de Vigo-Chouchiños)*, promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada polo Servizo Municipal de Planeamento e Xestión en setembro de 2020.

Segundo. Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos polos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.”

A vista do informe xurídico transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, medio ambiente, medio rural e servizos correspondente a súa sesión do pasado día 21, o Pleno da Corporación tras votación nominal, por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de CA e do BNG (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG), e 7 abstencións correspondentes aos concelleiros/as asistentes do grupo municipal do Partido Popular, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda:

Primeiro: Remitir ao órgano ambiental a solicitude de inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9/10 (Estrada de Vigo-Chouchiños), promovida polo Concello de Santiago, xunto co Documento ambiental estratéxico e co Borrador do plan, todo elo segundo a documentación elaborada polo Servizo Municipal de Planeamento e Xestión en setembro de 2020.

Segundo: Solicitar do órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos polos artigos 60.4 da LSG e 144.4 do seu Regulamento.

A adopción do presente acordo non prexulga nin vincula o que, de ser o caso, corresponda adoptar no seu momento sobre a aprobación inicial do planeamento.

5. PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO COLECTIVO DE VIAXEIROS Á URBANIZACIÓN OS TILOS.

A proposta do concelleiro delegado de mobilidade de data 24 de setembro do corrente ano, en relación ao asunto do epígrafe, ten o seguinte contido:

“Con data do 14 de setembro de 2015 formalizouse un convenio de colaboración, de duración indefinida, entre o Concello de Santiago de Compostela, o Concello de Teo e a Xunta de Galicia dirixido á coordinación das intervencións que lles corresponden ás administracións autonómica e local, en virtude das súas respectivas competencias, co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese xeral no que atañe ás necesidades de transporte colectivo na urbanización Os Tilos.

A fundamentación do convenio atópase na regulación establecida pola disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que establece a posibilidade de que as administracións formalicen convenios de colaboración “mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa”.

Nun sentido similar, o artigo 25 da Lei 4/2002, do 25 de xuño, pola que se aproba o estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, prevé o impulso de fórmulas de cooperación e colaboración entre a Xunta de Galicia e o propio concello para asegurar a prestación de servizos de transporte público na área de Santiago de Compostela.

Con base nestas habilitacións legais, mediante a sinatura do devandito convenio de colaboración estendéronse os servizos do transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela ao ámbito da urbanización dos Tilos. Desta maneira, as características da oferta en canto a calendario, horarios, itinerarios, prezos e penetración urbana víronse substancialmente melloradas e foron adaptadas de maneira máis precisa ás necesidades dun asentamento periurbano como é a dita urbanización.

Tanto o convenio anterior como o presente Convenio enmárcanse no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalidade e sostibilidade da Administración local), e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Coa entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é preciso realizar unha renovación do convenio asinado con data do 14 de setembro de 2015 para adaptalo á nova normativa e dar continuidade á finalidade de interese público que se persegue con este instrumento de colaboración que asegura a satisfacción das demandas de mobilidade da poboación afectada.

A estes efectos, a Xunta de Galicia remite ao Concello de Santiago a proposta do novo texto do convenio a formalizar no que se inclúen as modificacións derivadas da normativa arriba mencionada, reproducéndose fundamentalmente o texto anterior, con mínimas correccións ou adaptacións que non alteran a posición do Concello de Santiago ao respecto, a saber:

- Por unha parte, adáptase a exposición de motivos, simplificándoa.
- Introdúcese unha duración de 4 anos prorrogable por outros catro, coincidente coa máxima que autoriza a Lei 40/2015.
- Mantéñense a comisión técnica (formada só pola Xunta e o Concello de Santiago) e de Seguimento (coa Xunta e os dous concellos) do convenio anterior, así como que as súas secretarías corresponden a TUSSA; introduce, como adaptacións, a especificación de que en representación da Xunta de Galicia figure tamén a conselleira (para que poida aprobar a Comisión de Seguimento as prórrogas), e que lle corresponde a presidencia a ela ou, por ausencia, á DX de Mobilidade.
- No anexo do convenio, no que se indica o itinerario, se matiza a referencia ao percorrido pola urbanización para indicar que este non coincide coas paradas na urbanización, debendo facerse as paradas que estean sinalizadas dentro dese percorrido. (Isto fora cuestionado nalgún dos recursos).

As obrigas correspondentes ao Concello de Santiago de Compostela, que se contemplan na cláusula cuarta, non difiren das contidas no texto anterior, e, por tanto, seguen a ser asumibles polo Concello.

A proposta de convenio conta cos informes favorables da xefe do servizo de contratación e servizos comunitarios e da asesoría xurídica municipal.

Á vista de canto antecede **PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL** a aprobación do Convenio de Colaboración para a coordinación dos servizos de transporte público á urbanización Os Tilos anexo á presente proposta. O acordo plenario notificarase as outras entidades asinantes para súa sinatura e, posteriormente, inscribírase no correspondentes Rexistro electrónico de órganos de cooperación e de convenios.”

Figuran no expediente informes do servizo de contratación e servizos comunitarios de 10 de setembro e da asesoría xurídica de 22 de setembro ambos do corrente ano, e máis o texto do convenio.

A vista da documentación que figura no expediente, o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, aproba o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo, para a coordinación dos servizos de transporte público á urbanización Os Tilos, con orixe e destino na devandita urbanización.

O acordo plenario notificarase as outras entidades asinantes para súa sinatura e, posteriormente, inscribírase no correspondente Rexistro electrónico de órganos de cooperación e de convenios.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA NON AMPARAR A INSTALACIÓN DUN VERTEDOIRO NO LUGAR DE COREXO-MARROZOS.

Incorpórase á sesión vía telemática o concelleiro Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.

Con data 10 de agosto do corrente ano, o grupo municipal de Compostela Aberta, presentou a proposición do epígrafe que ten o seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo tén como obxectivo evitar a desvalorización do patrimonio común e non renovable que é o noso territorio e, en particular, o noso espazo rural, neste caso por causa do proxecto para a instalación dun vertedoiro en solo rústico no lugar de Corexo (Marrozos).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na primeira semana do mes de agosto a veciñanza do lugar de Corexo alertou das pretensións da empresa COMUCA SL de construír un vertedoiro -denominado no seu proxecto ‘planta de transferencia’- de residuos construtivos nunha finca rústica de case 23.000 m² localizada na Sanguineira. Un solo rústico de protección agropecuaria actualmente cultivado -unha plantación de millo- e libre de edificacións, mais rodeado de vivendas en case a totalidade do seu perímetro. Un ámbito no que empresa promotora pretende facer este novo vertedoiro amparándose no artigo 35.1.m da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia que inclúe a posibilidade de construír neste tipo de solos rústicos "Instalacións e infraestruturas (...) de saneamento e xestión e tratamento de residuos, sempre que non impliquen urbanización ou transformación urbanística do terreo

polo que discorran". Uns usos que non aparecen recollidos na redacción orixinal da *Ordenanza 16. Solo rústico de protección agropecuaria* do actual planeamento do Concello de Santiago.

Preténdese usar a mencionada parcela como “depósito temporal de residuos de construción que deben ser tratados ou eliminados en instalacións situadas a grandes distancias” polo que “os residuos son descargados e almacenados para que despois poidan ser transportados a outro lugar para a súa avaliación ou eliminación”, segundo as propias palabras do proxecto presentado no Concello. Semella, pois, que se trataría dun vertedoiro destinado a unha función fundamentalmente de carácter loxístico coa separación e clasificación mediante procedementos mecánicos e manuais dos residuos da construción alí almacenados. Unha actividade que non semella a máis idónea para desenvolver nun solo rústico con especial protección agrícola, rodeado de vivendas, e próxima a un curso de auga. A maiores, hai que destacar que a finca non tén conexión directa cos viarios de alta capacidade, nomeadamente coa N-525, e que o seu acceso faríase a través dunha pista de concentración parcelaria que conecta coa estrada provincial DP-8203, que á súa vez discorre por unha zona densamente poboada e que soporta un importante volume de tráfico, por ser unha das principais conexións entre os municipios de Vedra e Santiago. Nin a estrada en sí nin a súa vinculación coa rede viaria teñen calidade suficiente para soportar o tráfico pesado que xeraría a instalación prevista, polo que non cumpre criterios de sustentabilidade relacionados co transporte posto que a circulación transitaría, ademais, por diante de numerosas casas da veciñanza do lugar.

Este proxecto uniríase ao conxunto de problemáticas sociais e ambientais relacionadas co tratamento de residuos e vertedoiros localizados no noso municipio e na nosa contorna ou comarca, como poden ser o de Miramontes, Casalonga ou Touro. Problemáticas máis relacionadas con motivacións de lucro económico que co beneficio social ou os coidados ambientais e do territorio, que se producen a pesar de que os criterios para a localización das futuras instalacións de xestión de residuos que proporciona o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia 2016-2022 (PRIGA) no seu anexo IX advirten de que “as instalacións de xestión, agás as relacionadas coa eliminación de residuos nos recheos, estarán situadas en polígonos industriais”. A pesar de que a Xunta de Galicia permite habitualmente estes usos en solo rústico, o propio PRIGA aclara que “se non é posible debido á inexistencia de solo industrial nun radio próximo, buscarase unha localización en terreos antropizados”. Ademais, fai mención á distancia aos núcleos de poboación e outras actividades e servizos, afirmando que “buscarase que a ubicación proposta garanta a compatibilidade da nova infraestrutura cos usos existentes no seu contorno”.

No caso de Corexo é evidente que a parcela non está instalada nun polígono industrial, a pesar de que o máis próximo está a menos de 5 km no polígono industrial de Pumares en Sergude (Boqueixón) e que a menos de 12 km está situado o polígono da Costa Vella con abundantes parcelas dispoñibles. Ademais está inserida nun núcleo de poboación con 8

fogares situados a menos de 25 metros da instalación proposta, o que provocaría unha desvalorización de todos eles de xeito inmediato. Ademais, córrese o grave o risco dun importante impacto paisaxístico e ambiental en toda a contorna e semella evidente que os usos propostos son dificilmente compatibles coa contorna social da zona. Un caso no que unha vez máis os intereses económicos e de empresas particulares agreden social e ambientalmente ás poboacións locais, e que non debe ser amparado polas institucións públicas que teñen como obxectivo salvagardar o ben común.

Así pois, tendo en conta o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Declarar o non amparo do Pleno do Concello de Santiago das agresións ambientais e sociais e da implantación de usos inadecuados en terreos rústicos de especial protección agrícola, especialmente nas proximidades de núcleos rurais poboados.
2. Instar ao correspondente órgano de goberno a revisar a petición de instalación dun vertedoiro no lugar de Corexo, parroquia de Marrozos, e a ter en conta as alegacións da veciñanza afectada.
3. Solicitar ao Departamento de Tráfico de Santiago a instalación da sinalética que indique os pesos máximos permitidos para os vehículos en todas as pistas e viarios que transitan polo lugar de Corexo
4. Instar á Xunta de Galicia a:
 - a) Modificar a Lei do Solo de Galicia, cando menos no referido a usos e actividades en solo rústico, para diferenciar os usos permitidos nas diferentes categorías e para que verdadeiramente os centros de tratamento de residuos industriais se localicen preferente en solos industriais.
 - b) En coherencia co anterior, mudar o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia para terminar co descontrol actual que só beneficia ás empresas que fan da xestión de residuos un gran negocio sen cautelas ambientais.
5. Os grupos municipais do Concello de Santiago manifestan o seu apoio á veciñanza de Corexo na súa lexitima oposición á instalación dun vertedoiro ao pé das súas casas, e darán conta deste acordo a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.”

A anterior proposición presenta emenda o grupo municipal do Partido Popular, na que propón a modificación no contido do acordo, de maneira que o texto resultante sería o seguinte:

“1. Declarar o non amparo político do Pleno do Concello de Santiago das agresións ambientais e sociais e da implantación de usos inadecuados en terreos rústicos de especial protección agrícola, especialmente nas proximidades de núcleos rurais poboados.

2. Instar ao correspondente órgano do goberno a revisar a petición de instalación dun vertedoiro no lugar de Corexo, parroquia de Marrozos, e a ter en conta as alegacións da veciñanza afectada.

3. Solicitar ao Departamento de Tráfico de Santiago a instalación de sinalética que indique os pesos máximos permitidos para os vehículos en todas as pistas e viarios que transitan polo lugar de Corexo.

4. Instar á Xunta de Galicia a considerar a modificación da Lei do Solo para asegurar que os centros de tratamento de residuos industriais se localicen preferentemente en solos industriais, consonte aos criterios que para este tipo de instalacións determina o Plan de Residuos Industriais de Galicia.

5. Os grupos municipais do Concello de Santiago manifestan o seu apoio á veciñanza de Corexo na súa lexítima oposición á instalación dun vertedoiro ao pé das súas casas, e darán conta deste acordo a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.”

Unha vez rematado o debate, e despois de ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda:

1. Declarar o non amparo político do Pleno do Concello de Santiago das agresións ambientais e sociais e da implantación de usos inadecuados en terreos rústicos de especial protección agrícola, especialmente nas proximidades de núcleos rurais poboados.

2. Instar ao correspondente órgano do goberno a revisar a petición de instalación dun vertedoiro no lugar de Corexo, parroquia de Marrozos, e a ter en conta as alegacións da veciñanza afectada.

3. Solicitar ao Departamento de Tráfico de Santiago a instalación de sinalética que indique os pesos máximos permitidos para os vehículos en todas as pistas e viarios que transitan polo lugar de Corexo.

4. Instar á Xunta de Galicia a considerar a modificación da Lei do Solo para asegurar que os centros de tratamento de residuos industriais se localicen preferentemente en solos industriais, consonte aos criterios que para este tipo de instalacións determina o Plan de Residuos Industriais de Galicia.

5. Os grupos municipais do Concello de Santiago manifestan o seu apoio á veciñanza de Corexo na súa lexítima oposición á instalación dun vertedoiro ao pé das súas casas, e darán conta deste acordo a todos os grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA IMPULSAR O CONTIDO DO PLAN ESPECIAL DE BRAÑAS DO SAR PARA INCREMENTAR A SÚA PROTECCIÓN AMBIENTAL E OS ESPAZOS DE LECER E DEPORTIVOS AO AIRE LIBRE DURANTE A PANDEMIA DA COVID-19.

Con data 15 de setembro do corrente ano e número de rexistro 252, o BNG presentou a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á necesidade de impulsar o contido do Plan Especial de Brañas do Sar para incrementar a súa protección ambiental e os espazos de lecer e deportivos ao aire libre durante a pandemia da covid-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan Especial de Ordenación, Mellora Ambiental e Acondicionamento de Brañas do Sar (PE-3R), impulsado desde o Consorcio de Santiago, aprobouse en Pleno o 31 de marzo de 2011 coa intención de regular os usos públicos do parque, de crear percorridos peonís e de servizo, ademais de preservar as características ambientais, con especial atención ás canles públicas e á conservación dos humidais e das áreas de asolagamento natural. Este plan especial tamén valora o conxunto de elementos de interese arquitectónico, etnográfico, patrimonial e natural asociados á zona, tales como cómaros, pontellas, pontes e vexetación de interese. Realizouse sobre un estudo previo de Albert Cuchí, profesor da Escola de Arquitectura da Universitat Politècnica de Catalunya e experto en edificacións sustentábeis e xestión da auga.

As Brañas do Sar esténdense nunha superficie de 365.000 m² que pertencen a medio cento de particulares e 127.000 m² que son propiedade do Concello de Santiago nas ribeiras do río Sar, entre a Pontepedriña e as Fontiñas, e que recollen auga de escorrentía dos montes do Pedroso, Viso e Gaiás para constituír un cinto verde de 49 hectáreas que debe ser protexido polo seu valor ambiental e polo seu uso tradicionalmente agrícola.

Este sistema húmido perdeu parte da súa permeabilidade a causa de factores como o abandono dos usos agrarios, a falta de saneamento domiciliario, as verteduras constantes ao río e o desenvolvemento urbanístico non sustentábel.

Neste plan especial, prevese unha zona deportiva de 58.270 m², que inclúe edificios auxiliares con vestiarios e duchas e a adaptación á topografía do campo de fútbol de Sar; xunto con outra zona de 5.270 m² reservada para a construción do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT), adscrito ao CSIC, e á rede viaria que conecta coa Cidade da Cultura no Monte Gaiás. Estaba previsto tamén que un gran lago duns 30.000 m² ocupe a sexta parte da superficie do parque e a instalación dun espazo de cafetería, ademais duns 180.000 m² de zona verde.

Este espazo volve recuperar interese na actualidade para incrementar a súa protección ambiental e patrimonial, co desenvolvemento do plan especial, e especialmente para as necesidades derivadas da pandemia da covid-19. Era unha evidencia xa con anterioridade á chegada do coronavirus, unha mudanza nos gustos d@s compostelá(n)s, que pasaron de se mover polo centro histórico e determinadas prazas a acudir con cada vez maior frecuencia a parques e zonas verdes. Esta tendencia, xa recollida no estudo realizado polo Grupo Galabra para a USC, viuse reforzada coa chegada da pandemia, un feito que provocou unha utilización moito maior de espazos verdes e zonas para practicar deporte e realizar actividades de ocio ao aire libre. Por todo isto, é mais urxente que nunca o acondicionamento como zona de lecer con instalación de papeleiras á entrada e saída que reclama a veciñanza, entre outros, e de práctica deportiva ao aire libre.

Isto pode complementarse cunha intervención nos camiños do Viso á Costa Vella para continuar co saneamento e acondicionamento da ribeira do Sar para proseguir co cinto verde e ofrecer unha nova zona máis coidada desde a perspectiva ambiental.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela impulsará o Plan Especial das Brañas de Sar, de especial valor ecolóxico e social, para incrementar a súa protección ambiental e os espazos de lecer ao aire libre durante a pandemia da covid-19.

O Concello de Santiago de Compostela realizará unha intervención nos camiños do Viso á Costa Vella para continuar co saneamento e acondicionamento da ribeira do Sar para proseguir co cinto verde e ofrecer unha nova zona máis coidada desde a perspectiva ambiental.”

A presente proposición presenta emenda o grupo municipal do Partido Popular, de modificación do contido do acordo, de forma que o texto resultante sería o seguinte:

“O Concello de Santiago de Compostela insta ao corresponde órgano do Goberno municipal a que realice e execute unha programación continuada ao longo do ano para o mantemento, conservación e mellora do ámbito das Brañas de Sar, que permita potenciar o seu valor ecolóxico e social, mellorando a rede tradicional de camiños que faciliten o seu uso público e a conexión entre as distintas zonas próximas.

O Concello de Santiago iniciará a revisión do Plan Especial de Brañas de Sar aprobado no ano 2011 para adaptar as súas determinacións ás actuais circunstancias, entre elas, a desestimación da reserva de solo para Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit), cuxa construción está prevista xa no Edificio Fontán da Cidade da Cultura.

O Concello de Santiago de Compostela realizará unha intervención nos camiños do Viso á Costa Vella para continuar co saneamento e acondicionamento das ribeiras do Sar para proseguir co cinto verde e ofrecer unha nova zona máis coidada desde a perspectiva ambiental.”

Despois de ser aceptada a emenda presentada, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda:

Instar ao corresponde órgano do goberno municipal a que realice e execute unha programación continuada ao longo do ano para o mantemento, conservación e mellora do ámbito das Brañas de Sar, que permita potenciar o seu valor ecolóxico e social, mellorando a rede tradicional de camiños que faciliten o seu uso público e a conexión entre as distintas zonas próximas.

Iniciar a revisión do Plan Especial de Brañas de Sar aprobado no ano 2011 para adaptar as súas determinacións ás actuais circunstancias, entre elas, a desestimación da reserva de solo para Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit), cuxa construción está prevista xa no Edificio Fontán da Cidade da Cultura.

Realizar unha intervención nos camiños do Viso á Costa Vella para continuar co saneamento e acondicionamento das ribeiras do Sar para proseguir co cinto verde e ofrecer unha nova zona máis coidada desde a perspectiva ambiental.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ELABORAR UN ESTUDO DOS PERIGOS DA VELOCIDADE

NAS VÍAS DO MUNICIPIO E A REDUCCIÓN DAS NOTIFICACIÓNS DEFECTUOSAS EN MATERIA DE TRÁFICO.

O grupo municipal do Partido Popular, con data 15 de setembro do corrente ano e número de rexistro 265, presentou a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os radares son instrumentos útiles para disuadir os excesos de velocidade e, polo tanto, para mellorar a seguridade viaria.

No entanto, a súa utilidade non debe levar a súa extensión xeneralizada. Ás normas sancionadoras e aos seus mecanismos previos de detección de infraccións tamén lle son aplicables en certa medida -e sempre con respecto a un criterio de igualdade- un principio de oportunidade ou de proporcionalidade. O contrario, isto é, a extensión xeneralizada de mecanismos tecnolóxicos de detección de infraccións -por aceptables que excepcionalmente sexan estes mecanismos- levaríanos a escenarios invivibles e a saqueos das economías domésticas nos que todas e cada unha das infraccións administrativas, por leves que fosen, serían inmediatamente detectadas e sancionadas. Pretender detectar todas e cada una das pequenas infraccións que se producen na vida cotiá dunha cidade sería un desiderátum distópico e terrible. Así pois, na utilización de mecanismos tecnolóxicos para detectar infraccións cómpre ser moi ecuánime e prudente a fin de garantir os referidos principios de oportunidade e de proporcionalidade.

Eses principios de oportunidade e de proporcionalidade son os que levan ao Grupo Popular a non cuestionar o emprazamento dun radar no Restollal (pois a configuración viaria e o alto número de peóns a ambos lados da vía fan razoable a primeira vista a súa instalación) pero eses mesmos principios de oportunidade e de proporcionalidade lévannos a cuestionar o seu emprazamento na SC 20 en Conxo (xa sen entrar a cuestionar a adecuación da sinalización ou do límite de velocidade). E se a maiores hai indicios que apuntan a que foi a mesma empresa xestora -que cobra en función do número de vehículos sancionados- a que indicou o emprazamento (a iso apunta o informe da mesma empresa de 10 de xuño ou as declaracións públicas do concelleiro de 12 de setembro de 2019), é lóxico que se susciten ou conciten dúbidas ou críticas de representantes políticos e de condutores, e de que se teña claro que ese emprazamento é o punto de maior rendibilidade económica para a empresa e para o Concello pero non é o punto de maior necesidade desde o punto de vista da seguridade viaria (pois no termo municipal semella que hai outras vías nas que, por concorrer outros factores diversos, pode predicirse un maior risco derivado da velocidade).

Das indagacións feitas polo Grupo Popular despréndense que en Santiago os mecanismos tecnolóxicos de detección de infraccións poden estar xerando efectos desproporcionados, non só no número de sancionados, senón tamén e especialmente nas contías, no caso de que, como probablemente aconteza, unha mala práctica do Concello á hora de notificar as sancións acabe proporcionando unha triplicación das mesas.

Como se sabe, os titulares dos vehículos que incorreron nun exceso de velocidade detectado por un radar son requiridos a fin de que identifiquen á persoa que conducía o referido vehículo no momento da infracción, e no caso de que non procedan a identificar ao condutor a sanción orixinal se transforma e alcanza o triplo da inicialmente prevista.

Sucede que no caso do Concello de Santiago é altamente probable que o rexistro de enderezos que estea a empregar a empresa xestora sexa unicamente o da DXT. O problema é que o tal rexistro semella presentar un alto índice de enderezos desactualizados, o que implicaría que moitos titulares de vehículos non chegarían a recibir nunca o requirimento para identificar ao condutor e acabarían véndose obrigados a pagar por vía executiva unha sanción elevada ao triplo. E sendo certo que a normativa de tráfico prevé que a notificación da sanción (ou máis exactamente o requirimento para que se identifique ao condutor) se dirixa ao domicilio que figura na base de datos da DXT, non é menos certo que no caso de que tal notificación resulte infrutuosa existe a obriga (senalada reiteradamente polos tribunais) de empregar outros rexistros públicos (como o padrón) a fin de evitar que unha notificación infrutuosa derive nunha sanción elevada ao triplo, sanción que xa acaba chegando aos cidadáns pola vía do embargo da súas contas bancarias.

Esta indesexada situación é a que probablemente se estea a dar no Concello de Santiago, á espera de que o Goberno local a confirme ou a desminta sobre a base das preguntas rexistradas hai días polo Grupo Popular, e entre as circunstancias que explicarían o feito de que a empresa xestora non esgotase outras posibilidades de notificación persoal efectiva (que faga aos titulares dos vehículos coñecedores da existencia dunha infracción e das obrigas correspondentes) estaría a perda de rendibilidade para a propia empresa (perda derivada dun maior esforzo notificador) e a perda de oportunidade para o Concello de recadar vorazmente o triplo grazas a unha notificación infrutuosa que non permite ao titular do vehículo atender o requirimento de identificación de condutor e o aboca a esa sanción triplicada. E o certo é que a probable autocompracencia do Concello nunhas prácticas de notificacións infrutuosas (que traen causa dun simple descoido dos titulares dos vehículos de non ter actualizados os seus enderezos nos rexistros da DXT) pode acabar xerando sancións inxustas e desproporcionadas, especialmente gravosas para persoas cunha capacidade económica modesta.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular presenta, para a súa consideración por parte do conxunto da Corporación, a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta a correspondente órgano do Concello a:

1. Elaborar un estudo ou análise comparativa (motivado e independente) sobre a perigosidade que supón a velocidade en concorrencia con outros factores en todas as vías do termo municipal (incluídos os tramos controlados pola DXT).
2. Realizar un maior esforzo notificador, precedido dunha “mínima actividade indagadora” nos diversos rexistros públicos aos que ten acceso o Concello, a fin de reducir notablemente o número de notificacións defectuosas nos supostos de procedementos sancionadores en materia de tráfico”.

Rematado o debate, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE (non constando a emisión de voto por parte de Dona María Esther Pedrosa Carrete), acorda instar ao correspondente órgano do concello a:

1. Elaborar un estudo ou análise comparativa (motivado e independente) sobre a perigosidade que supón a velocidade en concorrencia con outros factores en todas as vías do termo municipal (incluídos os tramos controlados pola DXT).
2. Realizar un maior esforzo notificador, precedido dunha “mínima actividade indagadora” nos diversos rexistros públicos aos que ten acceso o Concello, a fin de reducir notablemente o número de notificacións defectuosas nos supostos de procedementos sancionadores en materia de tráfico.

9. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA A INFORMACIÓN DAS CONSECUCIÓNS DA COVID-19 NA ACTIVIDADE DO CONCELLO NAS SÚAS MÁIS DIVERSAS ÁREAS.

O contido da proposición presentada con data 15 de setembro do corrente ano e número de rexistro 266, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise da COVID-19 condiciona a actividade das administracións públicas e as súas posibles funcións.

No caso do Concello de Santiago son diversos os departamentos municipais afectados, ben sexa na súa actividade de ordenación das actividades privadas, na súa actividade prestacional ou na súa actividade de fomento.

Esta situación excepcional xera unhas consecuencias que afectan aos obxectivos e ás prioridades da Administración local, así como á eficacia e á eficiencia das súas accións (pensemos, por exemplo, nas modificacións contractuais; ou pensemos, por exemplo, no número alterado de destinatarios ou beneficiarios das políticas públicas).

E tratándose dunha situación alterada e nova a sociedade e a maioría dos seus representantes aínda descoñecemos na súa totalidade o verdadeiro alcance desa afectación ao quefacer da Administración local. Sabemos da mesma de xeito informal, casuístico e disperso, a través de concretos escrutinios que facemos desde a oposición ou a través das queixas da cidadanía ou da información dos medios de comunicación, ou mediante dalgunhas informacións que si nos ofrece o alcalde a través da Xunta de Portavoces e que valoramos na súa xusta medida pero que non resultan suficientes.

Cómpre que dispoñamos dunha radiografía xeral do corpo administrativo, cómpre transparentar unha realidade administrativa que se ve sometida á presión da crise. Só con información sobre o verdadeiro alcance do desafío se pode ser comprensivo e colaborativo co Goberno municipal.

E cómpre esa información global para ter elementos de xuízo que nos permitan no momento oportuno debater sobre o proxecto de previsións orzamentarias ou sobre o Estado do Concello, tal e como prevé o ROM, sen vernos obrigados a afirmar que o estado de municipio, desde o punto de vista da actividade de ordenación, de prestación ou de fomento administrativos, é opaco.

Para corrixir esa falta de información e para poder actuar co maior grao de coñecemento que require esta situación de crise sanitaria, económica e social, o Grupo Municipal presenta a consideración da Corporación o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao corresponde órgano municipal a:

1. Que coa maior urxencia, e en todo caso con carácter previo á convocatoria do debate do Estado do Concello e tomando como referencia os documentos (de traspaso de poderes) impulsados no período final do mandato polos gobernos saíntes de Agustín Hernández e Martiño Noriega, se emitan os correspondentes informes sobre os axustes ou adaptacións a nova situación derivada da pandemia que se teñen feito ata o de agora e as súas consecuencias económicas, así como sobre as liñas de actuación municipal, adaptadas ao contexto, que se prevén para o 2021 e as súas previsións económicas.

2. Que os concelleiros delegados comparezan nas correspondentes comisións, acompañados dos técnicos municipais a fin de explicar os axustes e liñas de actuación das áreas da súa competencia referidos no punto anterior.”

Á anterior proposición presentou emenda o grupo municipal do BNG que non foi aceptada polo grupo municipal do PP.

Rematado o debate, e despois de solicitar o grupo municipal do PSdeG-PSOE a votación separada por puntos, e tras ser aceptada, adóptase o seguinte acordo:

1. O Pleno da Corporación por unanimidade acorda que coa maior urxencia, e en todo caso con carácter previo á convocatoria do debate do Estado do Concello e tomando como referencia os documentos (de traspaso de poderes) impulsados no período final do mandato polos gobernos saíntes de Agustín Hernández e Martiño Noriega, se emitan os correspondentes informes sobre os axustes ou adaptacións a nova situación derivada da pandemia que se teñen feito ata o de agora e as súas consecuencias económicas, así como sobre as liñas de actuación municipal, adaptadas ao contexto, que se prevén para o 2021 e as súas previsións económicas.

2. Tras votación nominal o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e de Compostela Aberta (8 PP e 5 CA) e 12 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG (10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) acorda que os concelleiros delegados comparezan nas correspondentes comisións, acompañados dos técnicos municipais a fin de explicar os axustes e liñas de actuación das áreas da súa competencia referidos no punto anterior.

10. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DOS POSTOS DAS PRACEIRAS DO MERCADO DE ABASTOS.

Con data 15 de setembro do corrente ano, número de rexistro 267, foi presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta a proposición do epígrafe, co seguinte contido:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. A proposta de acordo ten como obxectivo garantir o dereito á venda de produtos de proximidade no Mercado de Abastos e a sensibilización social sobre a importancia económica do consumo deste tipo de produción de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado sábado día 5 de setembro impediuse que as labregas e praceiras que levan e venden a súa produción na Praza de Abastos puideran instalar os seus postos. A meirande parte das mulleres acudiron coma sempre co seus produtos de proximidade sen coñecemento previo de ningunha prohibición. Esa mañá foron expulsadas do recinto cargadas coas súa produción sen grandes explicacións e causándolles importantes prexuízos. Cómpre lembrar que estamos no momento do ano de maior produción da horta e da froita, alimentos de tempada e de proximidade que fornecen precisamente estes postos das praceiras. Estes produtos son especialmente perecedoiros, e se non se poñen á venda nun curto período de tempo acaban estragándose, de xeito que as consecuencias económicas negativas sufridas son numerosas.

Ao parecer, o Concello de Santiago, debido a situación de restricións ditada pola Xunta de Galicia, enviou o día anterior, o 4 de setembro, á xerencia da Praza unha notificación coa aplicación da nova normativa municipal para evitar a transmisión da Covid-19. Só se autorizou a instalación de sete postos de praceiras, e os demais foron eliminados. Esta notificación obrigou ao estrito cumprimento das novas normas en menos de vinte e catro horas e sen practicamente previo aviso ás praceiras afectadas.

Este proceder, no que se impide a venda ao aire libre dos produtos de proximidade no actual contexto de pandemia, resulta cuestionable pois trátase dunha venda claramente máis segura que a realizada en espazos pechados. Por outra parte, xa existe un protocolo sanitario creado pola Consellería de Medio Rural para esta modalidade de comercialización e que foi aprobado durante o estado de alarma con totais garantías sanitarias. E se o problema fose unha cuestión de espazo ou distancia entre os postos a solución non residiría en expulsar as praceiras do Mercado senón en definir alternativas que garantan a súa continuidade na Praza. Alternativas que poderían pasar por recuperar algunhas das localizacións que historicamente tiveron as praceiras no contorno da Praza.

A Praza de Abastos de Santiago é un emblema da cidade, querida e valorada tanto pola veciñanza compostelá, que diariamente consume produto fresco e de calidade, como polos miles de visitantes que ano tras ano desfrutan da vitalidade e singularidade do mercado. A Praza é un lugar especial que conforma a identidade de Compostela e o desenvolvemento local da cidade; e aí é onde xogan un rol único as praceiras e labregas que coas súas cestas cargadas cada semana achegan os seus produtos do agro aos

consumidores. Non se trata só da calidade, do sabor ou da saúde alimentaria, trátase tamén da importancia do valor social e cultural que teñen estes postos. Cada vez son mais persoas as que lle outorgan valor ao contacto directo entre a persoa produtora dun alimento e a que o vai consumir.

Neste contexto, resulta necesario e urxente atopar unha solución ao dano sufrido polas labregas e praceiras do Mercado de Abastos de Santiago. Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta propón unha serie de medidas para garantir a continuidade dos postos e a non exclusión das praceiras da Praza e a consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao órgano de goberno correspondente á:

1. Garantir o dereito de todas as praceiras e labregas a levar á venda os seus produtos de tempada á Praza de Abastos sen obrígalas a reducir o número de postos.
2. Diseñar lugares de ocupación alternativos na contorna da Praza de Abastos para fixar temporalmente todos os postos. Ocupación alternativa só no caso que se requira outra localización por mor da necesidade de maior distancia física entre os postos.
3. Desenvolver campañas de sensibilización social pondo en valor a importancia económica do consumo do produto de proximidade e calidade da Praza de Abastos.”

Rematado o debate, e tras votación nominal, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, de Compostela Aberta e do Partido Popular (2 BNG, 5 CA e 8 PP) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao órgano de goberno correspondente á:

1. Garantir o dereito de todas as praceiras e labregas a levar á venda os seus produtos de tempada á Praza de Abastos sen obrígalas a reducir o número de postos.
2. Diseñar lugares de ocupación alternativos na contorna da Praza de Abastos para fixar temporalmente todos os postos. Ocupación alternativa só no caso que se requira outra localización por mor da necesidade de maior distancia física entre os postos.
3. Desenvolver campañas de sensibilización social pondo en valor a importancia económica do consumo do produto de proximidade e calidade da Praza de Abastos.

11. DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, DESIGNANDO MEMBROS NAS DIFERENTES COMISIÓNS.

Á vista do escrito presentado polo grupo político municipal de Compostela Aberta os representantes do seu grupo nas distintas comisións son os que a continuación se relacionan:

COMISIÓN DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS:

Dona Marta Lois González
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Duro Fernández
Suplentes: os demais membros do grupo.

COMISIÓN DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VIVENDA, MEDIO AMBIENTE, MEDIO RURAL E SERVIZOS:

Dona Marta Lois González
Don Jorge Duarte Vázquez
Don Xan Duro Fernández
Suplentes: os demais membros do grupo.

COMISIÓN DA ÁREA SOCIAL, CULTURAL, PARTICIPACIÓN, IGUALDADE E TRANSPARENCIA:

Dona Marta Lois González
Dona Branca Novo Rey
Don Xan Duro Fernández
Suplentes: os demais membros do grupo.

COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS:

Dona Marta Lois González
Don Xan Duro Fernández
Suplentes: os demais membros do grupo.

COMISIÓN ASESORA DO PATRIMONIO HISTÓRICO:

Don Jorge Duarte Vázquez
Suplentes os demais membros do grupo.

XUNTA DE PORTAVOCES COMO COMISIÓN ESPECIAL:

Portavoz do grupo de CA: Dona Marta Lois González.

CONSELLO ASESOR DE CONDECORACIÓNS:

Portavoz do grupo de CA: Dona Marta Lois González.

12. DAR CONTA DA SENTENZA NÚM. 441/2020, DO 24 DE XULLO DE 2020, RECAÍDA NO PO 4080/2019.

Dáse conta da Sentenza núm. 441/2020, do 24 de xullo de 2020, recaída no procedemento ordinario 4080/2019, interposto contra a aprobación definitiva da modificación puntual do catálogo do PXOM: corrección de erros na ficha D-061 (Casa en Lavacolla). Creación das fichas D-061 (a), D-061 (b-c) e D-061 (d).

13. DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO CORRENTE ANO.

Dáse conta do informe de intervención do pasado día 18, sobre o estado de execución do orzamento correspondente ao segundo trimestre do corrente ano.

14. DAR CONTA DE EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA APROBADOS POR RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO EN CURSO.

Dáse conta de resolucións da concelleira delegada de economía e facenda de aprobación de expedientes de modificación orzamentaria correspondentes ao segundo trimestre do corrente ano.

15. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DATAS 30 DE XULLO, 6 DE AGOSTO E 8 DE SETEMBRO.

Dáse conta das seguintes resolucións da alcaldía:

De data 30 de xullo do corrente ano, rexistrado co núm. 5529, de delegación das funcións da alcaldía en Don Gumersindo Guinarte Cabada dende o 2 ao 9 de agosto e en Dona Mercedes Rosón Ferreiro dende o 10 ao 31 do mesmo mes.

De data 6 de agosto do corrente ano, rexistrado co núm. 5734, de rectificación dos erros materias existentes no acordo plenario de data 25 de xuño do corrente ano, polo que se aprobaba o expediente de suplemento de crédito 2020-SUPLE-03 e crédito extraordinario 2020-CREXT-07, no seguinte senso:

“Primeiro.- Rectificar os erros materiais existentes no acordo do Pleno da Corporación de data 25/06/2020 polo que se aproba inicialmente a modificación da base 33.2 das Bases de Execución do Orzamento municipal de se aproban inicialmente o suplemento de crédito 2020-SUPLE-03 e o crédito extraordinario 2020-CREXT-07 que se indican:

- Na parte expositiva da proposta, no cadro no que se detalla a modificación orzamentaria 2020-CREXT-07 proposta debe figurar como aplicación de gasto do crédito extraordinario correspondente á "Subvención nominativa concedida á entidade Asociación Punto Compostela CCA" a que ten o código "010.43100.4890003".

- No apartado "Cuarto" da proposta de acordo e no apartado "Cuarto" do acordo debe figurar como código do expediente de modificación orzamentaria "expediente de crédito extraordinario 2020-CREXT-07".

Segundo.- Dar conta desta resolución ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria para o seu coñecemento e aos efectos oportunos".

De data 8 de setembro de 2020, rexistrado co núm. 6306, de modificación e designación de dedicacións parciais aos concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta.

16. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas dende o 6 de xullo ao 31 de xullo de 2020 (núms. 4621 a 5600).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas de Xunta de Goberno:

- Acta núm. 51 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 9/07/20.
- Acta núm. 52 correspondente á sesión ordinaria do día 13/07/20.
- Acta núm. 53 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 17/07/20.
- Acta núm. 54 correspondente á sesión ordinaria do día 20/07/20.
- Acta núm. 55 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 22/07/20.
- Acta núm. 56 correspondente á sesión ordinaria do día 27/07/20.
- Acta núm. 57 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 28/07/20.
- Acta núm. 58 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 31/07/20.
- Acta núm. 59 correspondente á sesión ordinaria do día 03/08/20.
- Acta núm. 60 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 07/08/20.
- Acta núm. 61 correspondente á sesión ordinaria do día 17/08/20.
- Acta núm. 62 correspondente á sesión ordinaria do día 24/08/20.
- Acta núm. 63 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 28/08/20.
- Acta núm. 64 correspondente á sesión ordinaria do día 31/08/20.
- Acta núm. 65 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 02/09/20.
- Acta núm. 66 correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 04/09/20.

Faise un receso cando son as 19:55 horas e reanúdase ás 20:22 horas, coa asistencia de todos e todas as concelleiras, agás a señora Castelao Torres, que estaba presente no salón de sesións e pasa a asistir á sesión vía telemática.

O señor interventor xa non se reincorpora á sesión.

17. SOLICITUDE DE COMPARECENCIA A PETICIÓN PROPIA DO CONCELLEIRO DON GONZALO MUÍÑOS SÁNCHEZ.

Á vista do escrito presentado con data 31 de xullo do corrente ano, polo concelleiro Don Gonzalo Muíños Sánchez, procede a intervir no presente pleno.

18. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Interpelacións:

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 257.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 269.

Rogos:

Do grupo municipal de CA, de data 14 de setembro de 2020, núm. 249.

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 253.

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 258.

Do grupo municipal de CA, de data 15 de setembro de 2020, núm. 262.

Do grupo municipal de CA, de data 15 de setembro de 2020, núm. 263.

Do grupo municipal do BNG, de data 16 de setembro de 2020, núm. 268.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 270.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 271.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 272.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 254.

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 255.

Do grupo municipal do BNG, de data 15 de setembro de 2020, núm. 256.

Do grupo municipal de CA, de data 15 de setembro de 2020, núm. 264.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 273.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 274.

Do grupo municipal do Partido Popular, de data 16 de setembro de 2020, núm. 275.

Do grupo municipal de CA, de data 16 de setembro de 2020, núm. 279.

Do grupo municipal de CA, de data 16 de setembro de 2020, núm. 280.

Preguntas resposta escrita:

Do grupo municipal de CA, de data 10 de agosto de 2020, núm. 27872.

Do grupo municipal do PP, de data 2 de setembro de 2020, núm. 246.

Do grupo municipal de CA, de data 10 de setembro de 2020, núm. 248.

19. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

1. Rexistro de entrada do día 10 de agosto de 2020, núm. 27871, presentada polo grupo municipal de CA, para condenar a fuxida do Rei Emérito Juan Carlos I.
2. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 250, presentada polo grupo municipal do BNG, sobre as actuacións do Rei Juan Carlos I.
3. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 251, presentada polo grupo municipal do BNG, para darlle continuidade ás obras de reurbanización entre Punte La Reina e a Avda. de Quiroga Palacios.
4. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 259, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver un plan de mellora do barrio das Fontiñas.
5. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 260, presentada polo grupo municipal do BNG, para recuperar as esculturas do Mestre Mateo en poder da familia Franco.
6. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 261, presentada polo grupo municipal de CA, para o desenvolvemento dun curso escolar seguro e para facilitar a conciliación.
7. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 276, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio ao Real Padroado da Cidade de Santiago.
8. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 277, presentada polo grupo municipal de CA, para reclamar medidas urxentes para conservar o emprego na hostalería.
9. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 278, presentada polo grupo municipal de CA, para manifestar o rexeitamento do Pleno ás comisións abusivas de Abanca.

Os textos das mocións presentadas e tratadas transcríbense a continuación.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA CONDENAR A FUXIDA DO REI EMÉRITO JUAN CARLOS I

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 3 de agosto, a Casa do Rei comunicaba a fuxida ao estranxeiro do rei emérito Juan Carlos I de Borbón ante a polémica xerada polo que considera “acontecementos

pasados da súa vida privada”. Anteriormente, seu fillo Felipe VI comunicaba, o 15 de marzo, en plena conmoción polo recén estreado Estado de Alarma, que desde hai un ano o monarca actual ten coñecimento da súa suposta designación como beneficiário da ‘Fundación Lucum’, entidade investigada pola fiscalía suíza por unha posible existencia dun delito de branqueo de capitais. As mesmas sospeitas que ten a Fiscalía Anticorrupción española, que investiga presuntas comisións ilegais na concesión do AVE á Meca. Felipe VI demorou máis dun ano en dar conta deste feito ao conxunto da cidadanía. Ambas datas escollidas para comunicar, fuxida e herdanza, non son inocentes.

O ex-xefe do Estado estaría presuntamente implicado en delitos de corrupción, branqueo de capitais e evasión fiscal continuada e de enormes dimensións. A sucesión de acontecementos evidencia que a Casa do Rei acumula toda unha serie de episodios que sitúan á monarquía española moi lonxe do seu pretendido comportamento “exemplar”, tan manido como falso. O caso Nóos custoulle unha condena de prisión ao daquela Duque de Palma, Iñaki Urdangarín, por desvío de fondos públicos e fraude fiscal. O curmán do ex-monarca, Álvaro de Orleáns, actuou de testafarro e parece estar implicado no cobro de comisións multimillonarias pola venda do Banco Zaragozano. O propio Felipe VI pode verse salpicado por estas circunstancias tal e como a súa comunicación de marzo sinala. Todo indica que non estamos diante de casos illados ou individuais, senón que baixo o amparo mediático, os privilexios e a escaseza de controis democráticos medrou unha corrupción que supón xa unha seria ameaza para a nosa calidade democrática e para o Estado de dereito. Unha realidade á que a actual xefatura do Estado non é allea, tal e como o seu comunicado de marzo demostrou.

Que a Xefatura do Estado sexa un cargo hereditario, no que ademais os varóns gozan de prioridade na liña sucesoria, é unha anomalía democrática e un anacronismo sobre o que a cidadanía nunca tivo opción de decidir. A monarquía española é unha institución heredeira da legalidade franquista, que á súa vez foi unha legalidade imposta polas armas despois dun golpe de Estado contra a IIª República e que instaurou case catro décadas de ditadura. Nestes máis de 45 anos da segunda restauración monárquica, a súa principal función foi a de manter o *statu quo* herdado do franquismo, o inmovilismo e os privilexios dos poderes fácticos. Por iso, o debate sobre o modelo do Estado, o noso sistema de goberno, a articulación territorial, a redistribución da riqueza, a radicalidade democrática ou a propia monarquía como institución choca coa existencia dunha Constitución Española inamovible. Unha carta magna blindada para estas cuestións máis vulnerable a modificacións exprés como a do seu artigo 135 para priorizar o pago da débeda sobre a protección dos dereitos da cidadanía. A este inmovilismo constitucional xúntaselle unha escandalosa complicidade dos partidos dinásticos que sosteñen a actual monarquía do 78. Colaboradores activos da opacidade, a falta de transparencia e o mantemento dos privilexios de quen utilizou os recursos públicos e o ben común no seu propio beneficio.

O Código Penal ofrece máis protección á Casa Real que a calquera outra institución ou cidadán a través do delito de inxurias á Coroa. Frente a isto, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos mantén unha liña xurisprudencial clara, en virtude da cal os ordenamentos xurídicos non poden outorgar unha protección especial e cualificada aos cargos e institucións que se consideren máis importantes, senón máis ben todo o contrario. O descrédito da monarquía xa se converteu nun clamor popular, porque pon en cuestión o propio funcionamento da democracia e da xustiza.

Cómpre tomar medidas que permitan á cidadanía recuperar a confianza nas institucións e poderes públicos. Tal e como aconteceu nas eleccións municipais de 1931, tamén nun momento de aguda crise institucional e descrédito da monarquía. Daquela, Santiago de Compostela optou claramente pola República, elixindo 19 concelleiros republicanos fronte a 11 monárquicos. No propio 14 de abril proclamouse un consistorio provisional que izou na balconada do Pazo de Raxoi a tricolor republicana conxuntamente coa bandeira galega. Diante dunha multitude que se concentraba na Praza do Obradoiro para dar a benvida ao novo tempo, onderon as dúas bandeiras da Compostela republicana.

Naquela altura a república foi recibida en Santiago co mesmo entusiasmo que en tantas outras vilas e cidades galegas. Ficando estes feitos como testemuños históricos de que na nosa historia recente o municipalismo e a vontade republicana están intimamente ligadas.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

1. Condenar a fuxida do rei emérito cando está a ser investigado pola Fiscalía do Tribunal Supremo.
2. Instar ao Goberno do Estado e ao Congreso a iniciar unha investigación parlamentaria polas accións realizadas por D. Juan Carlos de Borbón dende o ano 2014, momento no que deixou de manter a súa condición de inviolabilidade xurídica.
3. Instar ao goberno do Estado a derrogar o delito de inxurias ao rei e á Casa Real recollidos nos artigos 490.3 e 491 do Código Penal, igualando a protección penal da honra desta figura e institución coa do resto da cidadanía.
4. Esixir, de probarse os delitos que se investigan, o reingreso ás arcas públicas do patrimonio adquirido ilegalmente polo rei emérito.
5. Instar a todas as administracións, a comezar polo Concello da Santiago, a retirar calquera honra ou título honorífico que ostente Juan Carlos de Borbón.

6. Esixir a celebración dun referendo no que a cidadanía decida sobre a continuidade da monarquía como depositaria da Xefatura do Estado.

MOCIÓN DO BNG SOBRE AS ACTUACIÓNS DO REI JUAN CARLOS I

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción de ‘Galiza pola República e polo dereito a decidir’ para o seu debate en Pleno sobre as actuacións do rei Juan Carlos I.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A saída do rei Juan Carlos I do palacio da Zarzuela o 2 de agosto de 2020 e a súa posterior fuxida, nese momento sen destino coñecido, non é un tema persoal, senón que afecta á propia democracia e á xefatura do Estado. É tamén un indicativo do escurantismo da Casa Real desde hai máis de corenta anos.

É evidente que o rei Juan Carlos tivo unha vida persoal pouco exemplar, que estivo implicado en dúbidasas operacións financeiras e que algúns dos seus “amigos” acabaron xulgados ou no cárcere. Foron pouco difundidas a súa implicación nas comisións de Kio, compra de petróleo a países árabes (declaracións do propio conselleiro delegado de CAMPSA), venda do Banco Zaragozano a Barclays etc. Informativamente, a monarquía estivo blindada e non houbo un control desta como institución por parte dos medios de comunicación, o que deu lugar a unha auténtica impunidad.

O rei Juan Carlos lembraba nos seus discursos de Nadal algunhas liñas de actuación que deberían seguir os cargos públicos: "Sigamos trabajando para que la honradez sea regla de conducta inexcusable " (2009). "Fomentar el ejercicio de grandes valores y virtudes como la honradez " (2010). "La ley es igual para todos y la ejemplaridad debe ser una meta para los cargos públicos " (2011).

Cando se coñeceron as fundacións promovidas por Juan Carlos desde 2008 no estranxeiro para ocultar a súa fortuna e o ingreso en bancos de millóns de euros, a indignación foi xeneralizada.

Por outra parte, Felipe VI manifestaba na súa proclamación como rei en xuño de 2014: "La Corona debe observar una conducta íntegra, honesta y transparente".

A cidadanía, así como numerosas organizacións e tamén significados políticos reclaman transparencia e comportamento ético.

O rei Juan Carlos, como toda a cidadanía, ten dereito á presunción de inocencia. Respectando a presunción de inocencia, o rei Felipe VI retiraba a súa irmá, a infanta

Cristina, o título de Duquesa de Palma polo comportamento pouco exemplar. O Pleno de Barcelona de 1 de abril de 2016 aprobaba por unanimidade, tamén co voto do PSC, PP E Cs, retirar todos os honores e a Medalla de Ouro da cidade á infanta Cristina. E, respectando a presunción de inocencia, o pleno de Palma retiraba por unanimidade o nome de Rambla dos Duques de Palma o 8 de febreiro de 2013, despois do seu procesamento por delito fiscal no caso Nóos, antes de celebrarse o xuízo e ditar sentenza.

Por outra parte, non estamos a falar de "supostas" ou "presuntas" irregularidades ou ilegalidades cometidas polo rei Juan Carlos I, senón de feitos probados ou constatados. É un feito probado que o rei Juan Carlos creou unha estrutura opaca en 2008, a través da Fundación Lucum en Panamá para operar desde unha conta nun banco suízo. É un feito constatado que recibiu nesa conta 64,8 millóns de euros, que procedían de Arabia Saudí e non se sabe en que concepto. É un feito probado que o rei Juan Carlos entregou persoalmente en Xenebra un maletín con 1,9 millóns de dólares ao xestor da súa fortuna, Arturo Fasana, detido en 2009 no caso Gürtel, para que o ingresase no banco suízo Mirabaud, segundo declaracións de Fasana en outubro de 2018, perante o fiscal suízo. É un feito probado que Felipe VI tivo coñecemento da existencia de Lucum (caramelo en turco) desde marzo de 2019; que el mesmo figuraba como segundo beneficiario desta e que non informou destes feitos nin á Axencia Tributaria, nin á cidadanía.

É un feito probado que Felipe VI figuraba tamén como terceiro beneficiario da Fundación Zagatka, con sede en Luxemburgo, propiedade de Álvaro de Orleans-Borbon, primo do rei Juan Carlos, desde a que pagaba, entre outros gastos, as viaxes do rei Juan Carlos en avións privados.

Ante estes feitos, que o propio Felipe VI recoñecía o 16 de marzo de 2020, despois da súa publicación en The Telegraph, este anunciaba que renunciaba a herdanza que lle correspondería -sabendo que non tiña ningún efecto práctico até o falecemento do rei Juan Carlos- e que retiraba o seu pai 195.000 euros anuais que recibía do orzamento da Casa Real. Todo isto está investigado polo fiscal suízo Yves Bertossa.

A propia Axencia Tributaria informaba destes feitos na causa que instruía o xuíz Diego de Egea e que agora, despois do sobresemento provisional, está nas mans do xuíz Manuel García Castejón, da Audiencia Nacional. Así, cando De Egea solicitaba información da Oficina Nacional de Investigación del Fraude (ONIF) da Axencia Tributaria o 4 de setembro de 2018, esta respondía ao día seguinte: "Juan Carlos de Borbón no ha presentado declaración informativa sobre bienes y derechos situados en el extranjero (Modelo 720). E engadía: "Tampoco hay constancia de que el Rey Emérito poseyera cuentas en el extranjero". É un feito probado que o rei Juan Carlos nunca cumprimentou a declaración especial do Modelo 720, obrigatorio desde 2013 para evitar a fraude tributaria.

É evidente que, a pesar dos seus discursos, a actuación do rei Juan Carlos I non é exemplar, nin honrada, nin legal nin transparente.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Instar a Juan Carlos Borbón a que devolva ao patrimonio do Estado as partidas económicas que recibiu con cargo ao Orzamento da Casa do Rei desde 2008, que se ten coñecemento da constitución da Fundación Lucum e da apertura de contas opacas no exterior.
2. Instar o Goberno español a que se constituía unha Comisión que investigue sobre os ingresos do rei Juan Carlos en concepto de comisións e outras actividades económicas durante todo o seu reinado; sobre os bens e patrimonio de todos os membros da Familia Real, así como das contas nos bancos. E que se reingrese nas arcas públicas todo o patrimonio conseguido ilegalmente.
3. Instar o Goberno a que tome medidas para a derogación do delito de inxurias á Coroa do Código Penal, utilizado para restrinxir a liberdade de expresión. Anulación dos procesos abertos por presuntos delitos de inxurias á Coroa e liberdade dos detidos e presos.
4. Instar o Goberno a que retire a Juan Carlos Borbón, por Decreto, o título de Rei.
5. Instar o Goberno a que dea unha explicación sobre a súa participación na organización da fuxida do rei Juan Carlos I o 2 de agosto, se houbo un gasto público na organización da viaxe (avión, escolta etc) e que no futuro non teña ningún tipo de partida pública para a súa actividades privada.
6. Cambiar o nome da Avenida Juan Carlos I de Santiago de Compostela e escoller unha nova designación en colaboración coa Asociación Galega de Onomástica e de especialistas en toponimia.
7. Trasladar estes acordos ao presidente da Xunta, presidente do Goberno español e presidentas do Congreso e Senado.

MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG PARA DARLLE CONTINUIDADE ÁS OBRAS DE REURBANIZACIÓN ENTRE PUENTE LA REINA E A AVENIDA DE QUIROGA PALACIOS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para darlle continuidade ás obras de reurbanización entre Punte la Reina e a avenida de Quiroga Palacios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actuación para as obras de reurbanización da rúa da Batalla de Clavijo contou cun investimento de 360.000 euros con cargo aos fondos europeos do programa Revive Edusi-Santiago.

Iniciouse en marzo de 2019, coa execución do tramo da rúa comprendido entre a avenida de Lugo e Punte la Reina, ademais das escaleiras de Bispo Teodomiro. Con posterioridade realizáronse obras no tramo de Batalla de Clavijo desde a avenida Quiroga Palacios até a rúa do Canteiro.

Queda pendente unha parte do traballo, comprendido entre Punte la Reina e a avenida de Quiroga Palacios, con especial necesidade para a adaptación ás medidas que favorecen a accesibilidade. A previsión inclúe, ademais, a renovación da rede de saneamento, a instalación de iluminación pública mediante LED e a plantación de árbores.

Para retomar estas obras entre Punte la Reina e a avenida de Quiroga Palacios, é necesario que o proxecto sexa revisado coa veciñanza, para explicar a obra e contrastar as súas necesidades de cara a mellorar a rede viaria, o pavimento, a accesibilidade para peóns e vivendas co fin de eliminar as barreiras arquitectónicas, a incorporación de colectores de recollida selectiva de residuos, ademais de proceder á reconfiguración de espazos públicos. Ademais, mentres dure o proceso de obras, debe quedar garantido o acceso peonil e de vehículos aos garaxes para persoas residentes, cun prazo de execución coordinado coa intención de minimizar as molestias á veciñanza e ás persoas que transitan pola zona.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela realizará as xestións necesarias e incluírá nos Orzamentos de 2021 a consignación para executar as obras de reurbanización entre Punte la Reina e a avenida de Quiroga Palacios.

A moción presentada polo BNG con data 15 de setembro do corrente ano, para recuperar as esculturas do Mestre Mateo, foi transformada en moción conxunta dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), co seguinte contido:

MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS MUNICIPAIS PARA RECUPERAR AS ESCULTURAS DO MESTRE MATEO DO CONCELLO DE SANTIAGO EN PODER DA FAMILIA FRANCO.

O Concello de Santiago de Compostela ten inventariadas, logo da súa adquisición ao conde de Ximonde, dúas esculturas de arte románica pertencentes ao conxunto do Pórtico da Gloria, que figuraban en posesión da familia Franco na Casa de Cornide. Son dúas estatuas esculpidas no obradoiro do Mestre Mateo, entre finais do século XII e comezos do XIII.

O Concello de Santiago mercoullas ao conde de Ximonde, con sinatura da escritura de compravenda datada o 4 de xuño de 1948, coa condición de que non saísen da cidade e, durante un tempo, decoraron as escaleiras do Pazo de Raxoi, até que as levou a familia do ditador logo dunha visita a Santiago de Compostela.

No informe que redactou o escultor Francisco Asorey para a tramitación da compra destas esculturas por parte do Concello de Santiago de Compostela incluíuse unha cláusula co seguinte: “Celebraría que estas estatuas quedasen nesta cidade para a admiración de todos os amantes das belas artes e felicitando ao excelentísimo Concello por tan meritorio labor, que así se fan grandes os pobos”.

O Concello de Santiago presentou, en novembro de 2017, unha denuncia pola titularidade das pezas que foi admitida a trámite un mes despois co obxectivo de conseguir a devolución destas esculturas coa argumentación de que son parte do patrimonio público e, polo tanto, non poden ser cedidas nin regaladas, nin ha lugar para a prescrición. Nesa demanda, o Concello de Santiago incluíu documentación para demostrar que é o lexítimo propietario das dúas pezas, adquiridas ao Conde de Ximonde coa condición de que nunca saísen de Compostela.

O Diario Oficial de Galiza publicou o 5 de febreiro de 2018 a resolución pola que se incoa o expediente para declarar Ben de Interese Cultural nove esculturas atribuídas ao Mestre Mateo procedentes da desaparecida fachada occidental da catedral de Santiago de Compostela, que inclúen as destes dous profetas, as estatuas que na actualidade están en poder da familia Franco e que buscaba recuperar o Concello de Santiago por vía xudicial.

Esta decisión da Xunta prodúcese após o informe emitido polos servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, en que se acreditan “como elementos singulares do acervo cultural galego polo seu significado, a súa orixe e a xenialidade do seu autor”. Na exposición argumental citan que eses elementos dispoñen do valor suficiente para seren bens de interese cultural. Como a súa orixe é diversa, a proposta pasa por decláralas

de maneira individual e non como colección, ao estaren custodiadas polo Museo da Catedral de Santiago, o Museo de Pontevedra e en coleccións particulares.

Foi o 4 de setembro de 2019 cando se publica no DOG a declaración como Ben de Interese Cultural dun conxunto de esculturas do obradoiro do Mestre Mateo, entre as que se encontran estas de dous profetas adquiridas polo Concello de Santiago. A tramitación do expediente necesario para a súa aprobación contou coa valoración favorábel da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, do Consello da Cultura e do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

O Museo do Prado, a Real Academia Galega de Belas Artes e a Fundación Catedral de Santiago organizaron unha exposición monográfica con obras realizadas polo Mestre Mateo para a catedral de Santiago de Compostela, co punto en común de que se atopan fóra dos seus lugares de orixe desde hai 500 anos e entre as que se encontraban estas dúas pezas. Exhiúuse entre novembro de 2016 e abril de 2017 no Museo do Prado de Madrid e, con posteridade, esta mostra trasladouse ao Museo da Catedral de Santiago, onde foi visitada por máis de 120.000 persoas.

Ao abeiro desta mostra, sucedéronse diversas accións simbólicas para reivindicar, difundir e concienciar sobre a devolución das esculturas do Mestre Mateo e o espolio da familia Franco ao patrimonio de todos os galegos e galegas durante a ditadura. Supuxo un clamor social a recuperación destas obras singulares da arte universal.

Antes do remate do período desta exposición, unha vintena de persoas encadeáronse de xeito simbólico nas portas do Pazo de Xelmírez para reclamar que non saísen de Santiago de Compostela esas dúas pezas cedidas para a mostra. Este grupo de persoas despois de que o Concello e a Xunta iniciasen os trámites para recuperar a propiedade das figuras e protexelas como Ben de Interese Cultural (BIC), reclamáronlles ás dúas administracións que adoptase medidas cautelares para evitar que as estatuas marchasen de Compostela.

Porén, foron devoltas á familia Franco que depositou estas esculturas do Mestre Mateo no Pazo de Meirás cando concluíu a exposición na Catedral de Santiago, pese ao clamor social e de institucións como o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña para reclamar a súa restitución ao patrimonio público despois do espolio acontecido durante a ditadura.

As medidas cautelares para evitar que as esculturas saísen de Compostela deberon ser semellantes ás utilizadas cando se intentaron vender os debuxos das Cruces de Pedra de Castelao, que tampouco tiñan acreditada a propiedade, e foron depositados no Museo de Pontevedra no tempo que durou o proceso.

Pese a isto, as esculturas que realizou o Mestre Mateo para a fachada do Pórtico da Gloria no século XII abandonaron o Pazo de Xelmírez, integrado na Catedral de Santiago da que un día formaron parte, para retornaren coa familia Franco ao finalizar a exposición.

Após a sentenza xudicial do Xulgado número 41 de Madrid que desestimou a demanda polas esculturas do Concello de Santiago que manteñen os herdeiros do ditador Francisco Franco, que mesmo pon en dúbida que sexan as mesmas da autoría do obradoiro Mestre Mateo de propiedade municipal, xurdiu nova documentación froito das investigacións de Francisco Prado-Vilar e diversos colectivos manifestáronse contrarios esta argumentación.

A Iniciativa Galega pola Memoria (IGM), que integra máis de 50 colectivos de toda Galiza, expresou o seu total rexeitamento a esa sentenza relativa a estas esculturas ao considerar que supón a lexitimación do espolio franquista e, polo tanto, unha grave eiva nun estado democrático.

A IGM cualificou de “burla” o contido desa sentenza que reconece que o Concello de Santiago é o titular destas esculturas pero non considera probado que sexan as mesmas que están en poder dos Franco. Lembrou que a propia familia reconeceu a súa autenticidade cando as cedeu para formar parte da exposición do Mestre Mateo e tamén quedou probada cando se lles outorgou a cualificación de Ben de Interese Cultural. A autenticidade nunca estivo en dúbida polo que a IGM considera este argumento unha mera artimaña para eludir a devolución ao Concello de Santiago das pezas, unha vez que a documentación presentada por este nos tribunais demostrou sen lugar a dúbidas a súa titularidade. Nese sentido, a IGM solicitoulle á administración compostelá que esgote todas as vías posibles para recuperar as esculturas e aos grupos parlamentares a aplicación dos dereitos á verdade, xustiza, reparación e non repetición reconecidos pola ONU e recollidos na Declaración de Vilaboa, asinada polos colectivos que conforman esta plataforma.

Logo da sentenza saíron á luz novos datos do resultado das pescudas do investigador Francisco Prado-Vilar, director de Proxectos no Real Colexio Complutense de Harvard e director científico do Programa A.W. Mellon para o Pórtico da Gloria, que proban as argucias da familia Franco para se facer con este patrimonio. Así, revelan que no Ano Santo de 1954 se trasladaron estas esculturas do Concello de Santiago ao Pazo de Meirás. Diversas cartas e fotografías procedentes da investigación de Francisco Prado-Vilar evidencian a cronoloxía da decisión de trasladar ao pazo de Meirás as esculturas do Mestre Mateo do Concello de Santiago se produciu nesa data.

Unha carta de Chamoso Lamas a Sánchez Cantón do 5 de marzo de 1954 probaba que as esculturas de Ezequiel e Xeremías pertencían ao Concello de Santiago, tras a súa compra

ao conde de Ximonde en 1948. A esta evidencia sumábase unha misiva de Filgueira Valverde a Sánchez Cantón do 30 de xaneiro de 1955.

Ademais, a contorna de Franco interveu para que as esculturas mateanas figurasen no catálogo da Exposición de Arte Románico de 1961 como “propiedade do Xefe do Estado”. Estas pescudas achegan datos sobre a inclusión das esculturas no catálogo da Exposición de Arte Románica de 1961 organizada polo Goberno español baixo os auspicios do Consello de Europa e na que, sorprendentemente, só foron exhibidas en reprodución fotográfica, como se indica no propio catálogo co único obxectivo de dar carta de natureza pública á súa recente posesión de facto por parte do Xefe do Estado, para procurar suplir así a carencia de título de propiedade, contrato de compravenda ou certificado de cesión, que non podían existir pola súa dubidosa legalidade.

Outra das probas gráficas deste historiador é que durante o incendio de 1978 producido no Pazo de Meirás, as filmacións revelan como as esculturas están dispostas no xardín desta propiedade.

Para este investigador, os actores implicados eran conscientes de que este agasallo supuña o incumprimento de varias cláusulas do contrato de compravenda, ademais de contravir a lexislación vixente sobre o alleamento de bens do patrimonio público, do que estas esculturas xa estiveran formando parte durante máis de seis anos. Ademais, tal doazón era vergoñosa e, por tanto, inconfesábel, mesmo para as propias autoridades do réxime que a propiciaron xa que sabían que estaban a privar a cidade de dúas obras cuxa recuperación fora motivo de celebración e orgullo poucos anos antes, un labor que “fai grandes os pobos”, como escribiu Asorey.

Finalmente, as administracións públicas non poden permanecer sen facer nada diante da posibilidade de recuperar as estatuas do Mestre Mateo para o Patrimonio Público. Para alén de posuír as competencias de protección do Patrimonio e estarmos a falar dun BIC, a recente sentenza sobre o Pazo de Meirás demostra que é fundamental a colaboración de todas as administracións e a implicación decidida desde o primeiro momento para acompañar o que é un clamor popular que a sociedade galega reclama: a devolución das estatuas do Pórtico da Gloria compradas polo Concello de Santiago que nunca deberon abandonalo.

Por todo o anterior, e dado que o Concello de Santiago de Compostela é parte no proceso xudicial en curso, e non podería selo nun novo proceso con idéntico obxecto, os grupos municipais do Concello de Santiago de Compostela presentan á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Concello de Santiago instará ás administracións públicas, Goberno do Estado, Xunta de Galicia e Deputación Provincial da Coruña, a promover un novo procedemento

xudicial, coordinadamente co a propia institución municipal, e co apoio e colaboración de persoal investigador e de asociacións para a recuperación da memoria histórica, para reclamarlle á familia Franco estas esculturas do Mestre Mateo de propiedade municipal declaradas Ben de Interese Cultural de cara a súa protección, difusión e recuperación para o patrimonio público, para proseguir o camiño aberto na recente sentenza sobre o pazo de Meirás froito do traballo coordinado entre distintas administracións.

En primeiro lugar procédese á votación da moción conxunta dos catro grupos políticos municipais (PSdeG-PSOE, PP, CA e BNG), que substitúe á inicialmente presentada polo grupo municipal do BNG, para recuperar as esculturas do Mestre Mateo do Concello de Santiago en poder da familia Franco, e o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda, instar ás administracións públicas, Goberno do Estado, Xunta de Galicia e Deputación Provincial da Coruña, a promover un novo procedemento xudicial, coordinadamente coa propia institución municipal, e co apoio e colaboración de persoal investigador e de asociacións para a recuperación da memoria histórica, para reclamarlle á familia Franco estas esculturas do Mestre Mateo de propiedade municipal declaradas Ben de Interese Cultural de cara a súa protección, difusión e recuperación para o patrimonio público, para proseguir o camiño aberto na recente sentenza sobre o pazo de Meirás froito do traballo coordinado entre distintas administracións.

As mocións presentadas por CA e o BNG, en relación ao Rei Emérito Juan Carlos I, pasan a debaterse e votarse conxuntamente.

Tras votación nominal o Pleno da Corporación, por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), e 18 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), polo que quedan rexeitadas as respectivas mocións relativas ao Rei Emérito Juan Carlos I.

Con relación á moción presentada polo BNG, relativa a darlle continuidade ás obras de reurbanización entre Puente La Reina e a Avda. de Quiroga Palacios, a que presentou emenda o grupo popular que non foi aceptada, e tras votación nominal o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de CA e do BNG (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda que o Concello de Santiago de Compostela realice as xestións necesarias e inclúa nos orzamentos de 2021 a consignación para executar as obras de reurbanización entre Puente la Reina e a avenida de Quiroga Palacios.

Non sendo tratadas na presente sesión ás seguintes mocións que figuran na orde do día:

4. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 259, presentada polo grupo municipal do BNG, para desenvolver un plan de mellora do barrio das Fontiñas.
6. Rexistro de entrada do día 15 de setembro de 2020, núm. 261, presentada polo grupo municipal de CA, para o desenvolvemento dun curso escolar seguro e para facilitar a conciliación.
7. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 276, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para o apoio ao Real Padroado da Cidade de Santiago.
8. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 277, presentada polo grupo municipal de CA, para reclamar medidas urxentes para conservar o emprego na hostalería.
9. Rexistro de entrada do día 16 de setembro de 2020, núm. 278, presentada polo grupo municipal de CA, para manifestar o rexeitamento do Pleno ás comisións abusivas de Abanca.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente a da por finalizada sendo as 00:10 horas do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Xosé A. Sánchez Bugallo

Asdo: José Ramón Alonso Fernández